

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL (EPVA)

3º ESO

OBXECTIVOS DA MATERIA:

OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das conviccións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación

OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.

OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.

OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas

OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a auto-confianza

OBX6 - Apropriarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social

OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.

OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.

CURRÍCULO

EVAL.	TÍTULO	DESCRIPCIÓN
1º	ELEMENTOS, LUGARES XEOMETRICOS E DISTANCIAS	A forma: natureza, tipos e posicións relativas. Texturas orgánicas e xeométricas. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas rectas e curvas, os segmentos, etc. Os ángulos e súas características. Lugares xeométricos básicos. Distancias.
1º	ANALISE DAS FORMAS BASICAS Características principais de las formas triangulares.	Propiedades e clasificación O cadrado e os cuadriláteros. Propiedades y clasificación. Análise da circunferencia e o círculo. Seu papel no mundo da ciencia e nas manifestacións artísticas.
1º-2º	POLIGONOS REGULARES E REDES MODULARES Formas poligonais. Propiedades	División da circunferencia en partes iguais. Construción xeneral de polígonos regulares de lado coñecido. Polígonos regulares estrelados. Rede modular cadrada e triangular.
2º	TANXENCIAS E ENLACES Concepto de tanxencia.	Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias. As tanxencias no deseño. Enlaces en curvas técnicas: óvalos, ovoides y espirais. Propiedades y características.
2º-3º	LUCES E SOMBRAS	Dirección e efectos da luz. Comportamento da luz. Luz e tono: o claroscuro.
2º-3º	PROPORCIÓN, ANTROPOMETRÍA E ESCALAS	A linguaxe da proporción. A semellanza entre figuras. A proporción humana. As escalas. Ampliacións e reducións. Escalas gráficas e escalas volantes.
3º	REPRESENTACIÓN OBJETIVA DO VOLUME Tipos de proxeccións.	Perspectivas.
3º	SISTEMAS DE MEDIDA E SISTEMAS PERSPECTIVOS. Vistas diédricas dun sólido.	Perspectivas
3º	AXONOMETRIAS	A axonometría isométrica. A axonometría caballera. Trazado da perspectiva isométrica. Trazado do círculo isométrico. Representación das perspectivas caballeras frontal y militar.
3º	PERSPECTIVA CONICA O LINEAL	A perspectiva cónica. Fundamentos. Elementos de referencia. Tipos de perspectiva cónica. Altura do punto de vista. Puntos métricos.

		Consideracións básicas da perspectiva cónica.
1º-2º-3º	COR E SU MANIPULACION	Combinacións cromáticas. Ordenación e movemento da cor. Comportamento e psicoloxía da cor: valor expresivo e simbólico. Armonías da cor.
1º-2º-3º	TECNICAS SECAS E HUMIDAS	As técnicas secas: lapis, lapis de cor, rotuladores, pasteles e collage. As técnicas húmidas: plumilla, tinta de cor e pincel, lapis acuarelables e témperas. As técnicas mixtas.
1º-2º-3º	A COMPOSICIÓN	Elementos da composición: as masas e súas relacións, as liñas mestras, estatismo e dinamismo. O ritmo na composición: repetición, alternancia, simetría, progresión, etc.

MATERIAIS DIDÁCTICOS EMPREGADOS:

A materia impartirase nunha aula taller sen espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc.

O alumnado deberá aportar material propio, aínda que na aula poderá estar dispoñible algúns deste material para uso do alumnado, de ser necesario.

O material que deberá traer á aula o alumno é:

- Papel para debuxo e técnicas húmidas.
- Lapis de diferentes durezas e goma branda.
- Tesoiras.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Regra, escuadra e cartabón.
- Compás.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores.

Na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual podemos utilizar distintas metodoloxías:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.

- 2) Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- 3) Amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- 4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado.
- 5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.
- 6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.
- 7) Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:
 - A aplicación dos contidos explicados.
 - Os bosquexos previos e definitivos.
 - A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
 - O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade amosado polo alumnado.
 - A execución dos parámetros esixidos para a realización dos distintos traballos. Sen os cales o traballo considerase innacabado.

Ademais, as principais ideas traballadas e os contextos, tanto históricos como xeográficos, vistos na aula, serán avaliados mediante probas escritas, ben sexa gráficas e/o analíticas.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

- a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 70%
- b) A través de probas teórico-prácticas, das que o alumnado coñecerá previamente os contidos e tempos que incluirán as probas. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 30%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e

instrumentos necesarios de forma axeitada.

- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).

- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.

- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.

- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.

- Entrega as tarefas en prazo.

2. CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media ponderada, na que o peso da avaliación final é o maior. Isto débese a que hai contidos que se tratan só nunha avaliación e outros que se tratan de contidos progresivos, que van acadándose en maior medida segundo avanza o curso.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 30%

- 2ª avaliación: 30%

- 3ª avaliación: 40%

3. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN:

RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, **o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados**. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores.

Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas polo profesorado.

MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

SEGUIMIENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso. Tendo en conta as necesidades do alumnado.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións, segundo un peso en evolución crecente, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia:

- 1ª entrega: 30%
- 2ª entrega: 30%
- 3ª entrega: 40%